O Mundo que Bailemos

Documento elaborado por Tempo de Loaira S. Coop. Galega a solicitude das entidades que forman parte de O Mundo que Queremos.

creative commons

Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste documento sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.

Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

Introdución: motivación e obxectivos

A Música é a voz da alma, milleiros de cancións nos acompañan durante o noso percorrido vital, ilustran a nosa vida poñendo cores, lembranzas, e sempre acompañan o noso camiñar. O Mundo que Queremos non deixa de ser unha banda sonora que por cuarto ano está acompañando ao alumnado galego.

Como a música, o Mundo que Queremos está composto por moitos instrumentos, moitas notas que tentan acompasar o camiñar de rapaces e rapazas que teñen ante si un mundo complexo cheo de retos derivados da fase vital na que se atopan: a adolescencia, unha etapa da vida que nunca foi considerada unha peza propia, senón unha transición entre melodías. O Mundo que Queremos é esa batucada reivindicativa que sona con forza polas rúas e que permite expresar á xente adolescente as súas inquedanzas e motivacións e deixar claro que non son unha mera comparsa se non que músicos activos da súa propia banda sonora.

Xa é o cuarto ano que esta banda está de xira por centros educativos de Galicia, mudamos algúns instrumentos nestes anos, pero a melodía que queremos tocar segue a ter o ritmo do cambio social, da transformación persoal e da construción dun mundo mellor.

Como as boas baladas de rock comecemos asubiando, collendo o timbre para poder tocar con forza e harmonía para conseguir que a nosa canción transforme almas e mude sentimentos, sentimentos de cambio necesarios, sentimentos de empoderamento, sentimentos que moven o noso mundo.

Neste cuarto diagnóstico de O Mundo que Queremos tentaremos:

- Recoller a presentación dos diferentes centros educativos que serán os compañeiros de viaxe deste ano.

- Facer un alto no camiño para valorar a grande experiencia que marcou o arranque desta edición.

- E, no medio de todo iso, realizar unha chuvia de ideas ao aire sobre a propia mellora do proxecto co obxectivo de traballalas de xeito grupal na recta final da intervención.

As bandas do proxecto

Nesta 4ª edición de O Mundo que Queremos serán protagonistas deste gran concerto, 6 bandas de músicas da nosa xeografía, coas súas peculiaridades e os seus estilos.

- IES Fonmiñá de A Pastoriza (Lugo)
- IES Isidro Parga Pondal de Carballo (A Coruña)
- IES David Buján de Cambre (A Coruña)
- CPI Cabo de Area de Laxe (A Coruña)
- IES Pintor Colmeiro de Silleda (Pontevedra)
- IES Valadares de Vigo (Pontevedra)

IES Fonmiñá

Atopámonos unha pequena banda de rock bravú de ámbito rural na provincia de Lugo. O centro está composto por 60 alumnas e alumnos. O alumnado identifica como un dos problemas da súa contorna todo a cuestión da produción láctea xa que a maior parte do alumnado vive directa ou indirectamente do leite.

A través das conversas realizadas, detectamos desafinacións nalgunhas temáticas, vemos que as rapazas teñen unha actitude máis discreta mentres que os rapaces non paran de falar. Tamén detectamos letras de cancións racistas, homófobas, xenófobas, que nos preocupan.

IES Isidro Parga Pondal

Desde Carballo chéganos un pequeno grupo de 20 rapaces e rapazas que ten un estilo polifacético. Este centro caracterízase pola mestura, xa que é un centro onde conviven varios ciclos educativos: ESO, Bacharelato, Ciclos para Adultos, EBI, polo que existe no centro unha variedade moi interesante.

A problemática que detecta o centro é a integración do alumnado de Xisto e Brea xa que non ven o seu futuro ligado á escola e non a entenden como algo positivo e de valor para as súas vidas e iso fai que teñan unha actitude negativa.

Poñendo a nosa orella detectamos que son un bo grupo que pode compoñer bos temas pero que temos que traballar co alumnado toda a temática de xénero que é onde non teñen collido o ritmo.

IES David Buján

En Cambre non temos unha banda se non que é todo un orfeón con 238 alumnas e alumnos de 1º da ESO a 4º da ESO.

O IES David Buján é un centro ideal para compoñer auténticos temazos. Combina o mellor do rural co mellor do mundo urbano. Segundo as profesoras e profesores do centro, o alumnado é tranquilo, está concienciado e as familias están moi implicadas no traballo do seus fillos e fillas, hai unha colaboración moi estreita coa OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) cun traballo moi directo, as bibliotecas do concello están moi implicadas así coma o Concello, a través das figuras do alcalde e do Concelleiro de Educación e Cultura.

A única problemática que atopa o profesorado é que, pola localización, ten problemas de conexión a Internet e isto dificulta a aprendizaxe a través das TIC.

Polo resto é un centro que transmite unha imaxe moi potente para traballar a Educación ao Desenvolvemento e parece un lugar ideal para plantar unha boa semente.

CPI Cabo de Area

Desde a Costa da Morte participan 63 alumnas e alumnos que teñen alma de solistas. E cando atopamos tanto solista é máis complicado conseguir unha melodía axeitada e acompasada para poder facer unha boa canción e un bo grupo.

O centro está situado ao carón da praia e un pouco afastado de Laxe. Isto fai que o contacto cos axentes culturais da vila non sexa algo continuo se non que semella que é algo moi puntual. Hai diferenzas de carácter entre o alumnado do centro da propia vila e os que viven máis afastados na zona interior de Laxe.

Algunhas das problemáticas detectadas polos docentes son: o botellón, o individualismo e insolidariedade, e tamén cuestións de xénero.

IES Pintor Colmeiro

Silleda é un referente do rural galego tanto en gandería coma en agricultura. A Semana Verde de Silleda é un dos eventos máis importantes do sector no Estado, polo que os nosos 27 rapaces e rapazas están influenciados por esas melodías agrarias que percorren os verdes campos.

O centro ten boas relación con Concello, casa da cultura, cada da xuventude e o Centro de Información á Muller. É un centro moi rural xa que a poboación urbana é absorbida maioritariamente por un CPR privado. O centro atópase nun espazo de natureza rodeado por carballos que invita a compoñer música desde a temperanza. O meirande problema que atopa o centro son as adaptacións curriculares xa que se precisan moitos reforzos educativos.

IES Valadares

O monte da cidade de Galicia máis grande. De Matamá, Valadares, Beade, xorden e xurdiron grandes músicos de punk rock, festivais como a Sementeira ou Freixo Rock están ligados ao rural de Vigo. 73 rapazas e rapaces forman un grupo de 3 parroquias de Vigo como son Valadares, Matamá e Samás.

O centro está afastado polo que para chegar é preciso o transporte escolar. Isto fai que a actividade do centro pola tarde sexa moito máis limitada, aínda que as parroquias dos rapaces e rapazas si teñen unha alta vida cultural á que se poden achegar.

Os problemas detectados na contorna do alumnado están directamente ligados con problemas familiares (ben de corte económico, ben de corte privada).

As e os mánagers das nosas bandas

Calquera proxecto musical precisa dunha boa xestión para o seu éxito, non só sirve tocar moi ben, se non que é preciso ter unha ou varias persoas de confianza para que nos poidan aconsellar para que nos poidan dirixir, xa que ás veces tomar certas decisión non é sinxelo e as boas experiencias sempre axudan.

Os proxectos de Educación para o Desenvolvemento son exactamente igual. Todas as persoas que levamos moitos anos xa traballando con centros educativos sabemos que a figura clave destes proxectos é o persoal docente. As profesoras e profesores son as que comparten co alumnado o día a día, son as que coñecen ás familias, os problemas, as virtudes máis escondidas do alumnado, polo que facelos partícipes dos proxectos é unha das chaves para que os nosos proxectos de EPD teñan éxito. E non só para os nosos proxectos presentes, se somos quen de motivar a un docente teremos un compoñente multiplicador cara o futuro, cando nós xa non esteamos cerca do proceso o docente seguirá proxectando a EpD nas seguintes xeracións do centro.

IES Fonmiñá

MARÍA ISABEL VALIELA PÉREZ: Xeografía e Historia é a persoa coordinadora.
UXÍA LOGILDE IGLESIA: Economía.
MATILDE ELENA ARRIZADO YÁÑEZ: Debuxo.

Tanto Maribel como Uxía mostran entusiasmo e gran interese por poder impartir nas súas materias, temáticas vinculadas á cooperación internacional, ao desenvolvemento ou á solidariedade. Maribel, a coordinadora, participa en Solidariedade Internacional e leva tempo tentando entrar nun Plan Proxecta polo que ten unha motivación especial.

O centro ten experiencia previa de traballo con Solidariedade Internacional e este é un dos factores previos que animou ao centro a solicitar a participación neste Plan Proxecta que foi aprobada por todo o claustro de docentes.

Cóntannos que en xeral as familias non se implican moito no proxecto educativo do centro. Non hai unha AMPA creada, aínda que si que mostran interese e implicación nas cuestión académicas dos seus fillos e fillas.

É a primeira vez que traballan o Plan Proxecta.

IES Isidro Parga Pondal

MARÍA BEATRIZ CUESTA GARCÍA Filosofía é a persoa coordinadora.
CARMEN PENSADO PEREIRA Lingua e literatura galega
FRANCISCO JAVIER ANTA FERNÁNDEZ Grego

Bea explícanos que o centro decidiuse por participar no Plan Proxecta "O Mundo que Queremos" porque cree que traballar desde o local o global é unha gran idea para interconectar historias e ver que todo o que nos rodea inflúe na vida de outras persoas. Tamén pensa que a parte creativa que ten este proxecto (radio e fotografía) son ferramentas que enganchan ao alumnado para poder participar, aprender e colaborar, sempre desde unha óptica lúdica e divertida que, segundo as profesoras e profesores, é o mellor xeito de entender as cousas.

Coñecen a Solidariedade Internacional por actividades de Comercio Xusto, e ao resto de organizacións de O Mundo que Queremos pola participación no Plan Proxecta 2015/2016. Ademais, no centro tamén coñecen actividades de Amnistía Internacional, colaboraron coa Fundación Barrié para actividades extraescolares (visita ao cárcere de Teixeiro), e tamén teñen charlas de entidades sociais locais como é o caso de ASPABER[1].

Non hai un proxecto de centro como tal e tamén nos contan sobre a pouca implicación existente das familias no proxecto. Valoran moi positivamente o Proxecta do ano pasado e cren que por iso decidiron continuar porque pensan que foi unha experiencia moi interesante tanto para os rapaces e rapazas como para o profesorado. Neste sentido cabe salientar o efecto multiplicador do que falamos anteriormente, Bea cóntanos como en 1º de Bacharelato están a participar nas Olimpíadas de Filosofía a través da fotografía - denuncia, e isto chega polo interese que xurdiu dentro do equipo docente co Proxecta 15/16.

IES David Buján

VANESSA GARCÍA CALVO Lingua e literatura galega e a persoa coordinadora
MARTA RÚA LÓPEZ Bioloxía e xeoloxía
CARLOS NICOLÁS BALADO SÁEZ DE VITERI Lingua castelá e literatura Docente

Neste caso é Carlos o que nos conta por que o centro se decidiu a participar no noso Plan Proxecta. O centro participa en 6 Plans Proxecta pero tiñan especial interese en

[1] Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños: http://www.aspaber.com/asociacion/portada.php?idioma=es

participar nun que resaltase o traballo comunitario, o traballo cooperativo. Cóntanos algunhas das actividades que fixeron durante todos estes anos como foi a iniciativa "Pedaleando pola paz[2]" unha proposta de recollida de fondos para axudar ás persoas refuxiadas, ou a creación dun horto solidario. Por iso pensaron que O Mundo que Queremos era o Plan Proxecta ideal para crear esa base que xa existe no centro e darlle unha forma máis constante e integrada.

A pesar de traballar temáticas relacionadas coa Educación para o Desenvolvemento nunca traballaron da man con ningunha das ONGD do consorcio, aínda que si que traballaron actividades con Cruz Roja e Amnistía Internacional en charlas sobre violencia de xénero, e tamén con Gaia e Ecos do Sur en actividades relacionadas coa recollida de roupa.

As familias deste centro si que mostran unha gran implicación e si que están interesadas no proxecto educativo que propón o centro. Porén, atopámonos cunha ANPA moi pequena de ao redor de 30 nais e país.

Neste centro existe un grupo de convivencia ou mediación (máis de 50 rapazas e rapaces mediadores voluntarios) para solucionar os conflitos que podan xurdir ademais de ter uns recreos activos modelados polo departamento de educación física.

CPI Cabo de Area

SANDRA VILLAR GINER: Lingua e literatura galega
MARÍA ASUNCIÓN DEL VALLE CORTINAS: Inglés
JOSEFINA MARTÍNEZ LÓPEZ: Relixión
ANA MARÍA ACCIÓN CARNERO: Lingua castelá e literatura
MARÍA DE LAS MERCEDES LAGO VALO: Física e química
CARINA PEREIRA SILVEIRA: Matemáticas
MARÍA ISABEL SÁNCHEZ CACHAZA: Xeografía e historia

Falamos con Mabel, Sandra e Carina, tres docentes que nos explicaron as súas motivacións para participar nesta edición do Plan Proxecta.

A Mabel, a profesora de historia, parécelle interesante poder traballar con xente de fóra do centro xa que supón un aprendizaxe continuo, ademais coñece o punto lúdico dos obradoiros do O Mundo que Queremos e pensa que é algo importante para o alumnado.

[2] https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/cambre/2016/02/14/instituto-david-bujan-cambre-logra-700-euros-refugiados-base-pedaladas/0003_201602H14C8991.htm

Sandra, a profesora de galego, xunto con Asunción, a profesora de inglés, foron as primeiras interesadas no proxecto xa que o coñeceron de primeira man a través dunha integrante do equipo de Solidariedade Internacional e viron en O Mundo que Queremos a posibilidade de estruturar as actividades soltas con temáticas relacionadas que levaban realizando anos e darlle así un formato máis apetecible e que puidese perdurar no tempo.

Carina, a profesora de matemáticas, dános unha visión que non é doado atopar, quere saír do seu taboleiro e do seu cálculo e involucrar ao alumnado dentro das propias matemáticas noutras actividades ou experiencias. Non é sinxelo atopar docentes con esta predisposición de abandonar a comodidade.

Existe unha experiencia previa de traballo con Implicadas para o Desenvolvemento desde este centro valorada como moi positiva polas tres profesoras. As familias aquí practicamente non participan da vida do centro educativo.

IES Pintor Colmeiro

XESÚS FERNÁNDEZ SULLEIRO: Filosofía é a persoa coordinadora.
XOSÉ FUENTES RODRÍGUEZ: Inglés.
ROSA MARIA ANDRADE EXPOSITO: Orientadora educativa.

Suso explícanos que entran no Plan Proxecta principalmente por AGARESO xa que se traballaba no centro o EpD Lab[3] e parecía que o paso seguinte era integrarse nun proxecto máis amplo de Educación para o Desenvolvemento. Cóntanos que teñen un grupo de rapazas e rapaces marabilloso. Tamén está moi interesado no proxecto polo uso das TIC tanto na súa materia de filosofía como nas actividades extraescolares. Fotografía, vídeo e radio chama moito a atención.

A única experiencia previa con axentes do terceiro sector foi con AGARESO e tan só desde o comezo deste curso. A participación das familias neste centro é boa ata os 15 anos, a partir de aquí practicamente non existe.

[3] http://www.epdlab.gal/

IES Valadares

FERNANDO FUENTES GONZÁLEZ: Educación física, é a persoa coordinadora.
Mª CARMEN BOADO AGUINAGA: Tecnoloxía.
SILVIA COMEZAÑA PAZ: Matemáticas.
PAULA VEIGA IGLESIAS: Música.
Mª ASUNCIÓN RODRÏGUEZ: Lingua Castelá.
Mª JOSÉ FERREIRO ESTEBAN: Bioloxía e xeoloxía.
ÁNGLE CADABA ÁLVAREZ: Educación Especial.
Mª DE LAS MERCEDES MONTES CAMPOS: Bioloxía e xeoloxía.
SILVIA RODRIGUEZ ARGIBAY: Tecnoloxía
RAMÓN NICOLÁS: Lingua literatura galega
PALMIRA PËREZ VALVERDE: Inglés

Desta vez é Fernando coa persoa que falamos. Coméntanos que neste caso non é unha iniciativa propia se non que o "*meteron*" no Plan Proxecta. É titor dun grupo e tamén coordina as actividades extraescolares. Defínese como un profesor ao que lle gusta implicarse na vida do centro e *"se é nun proxecto destas características moito máis"*.

Non existe experiencia previa con ningunha das ONGD do consorcio, pero si que teñen recibido charlas sobre, charlas sobre drogodependencia, sexualidade, ou outras como "programas contrata" realizadas todas por entidades sociais. Tamén participaron no programa Quérote +.

Segundo Fernado, as familias cada vez se implican menos no proxecto educativo e na aprendizaxe dos seus fillos e fillas. Hai poucas familias que se impliquen moito. Fernando pensa que moitos problemas na educación do alumnado débense á falta de interese ou de preocupación das familias. Neste centro pensa que hai unha problemática especial co tipo de familia: familias desestruturadas, familias afectadas polo desemprego, etc.

O Mundo que Queremos en cifras

	IES FONMIÑÁ	IES ISIDRO PARGA PONDAL	IES DAVID BUJÁN	CPI CABO DE AREA	IES PINTOR COLMEIRO	IES VALADARES	TOTAL
ALUMNOS	34	14	122	37	8	36	**251**
ALUMNAS	26	6	116	30	19	37	**234**
PROFESORES	0	1	1	0	2	2	**6**
PROFESORAS	3	2	2	8	1	9	**22**
AULAS	3	1	10	5	3	3	**25**
CURSOS	1º 2º e 3º ESO	3º ESO	1º 2º 3º e 4º ESO	1º, 2º, 3º e 4º ESO	2º, 3º e 4º ESO	4º ESO	

O directo

A organización dun concerto cunha actuación en directo é o resultado final dos moitos ensaios e pequenas performances que faremos durante os próximos meses na clase. Como ben sabemos un evento de tal magnitude ten moitas cousas que temos que controlar para que o noso concerto teña éxito. Por moito que o noso grupo ou banda toque de vicio teremos que ter en conta moitas variantes que poden afectar ao noso grupo. Por exemplo, o lugar sempre é importante xa que ten que ter unha acústica que se poida adaptar ao estilo do noso grupo, ter unha boa comunicación da actuación nos medios de comunicación locais, control dos equipos de luz e son, etc…

O Mundo que Queremos 2017 ten unha novidade con respecto ás anteriores tres edicións. O proxecto ten na propia formulación un obxectivo concreto de incidencia política no que se buscará que as nenas e nenos que participan no proxecto deste ano poidan ter a súa actuación ante ás persoas representantes da vida local facendo un concerto que poida sensibilizar ou implicar á cidadanía das súas vilas.

Por iso pensamos que nesta diagnose é importante saber tanto o que se espera da proposta que facemos desde O Mundo que Queremos como saber os medios cos que xa contamos para facer unha das partes importantes do noso proxecto como é a comunicativa.

O persoal docente dos seis centros educativos responderon a unha serie de preguntas que nos parecían importantes para establecer o tecido do noso proxecto.

O proxecto "O Mundo que Queremos" ten como fío condutor unha metodoloxía que é empregada nos proxectos de cooperación internacional: a comunicación como ferramenta para o desenvolvemento e a transformación social. Que opina da comunicación como ferramenta educativa?

Os nosos rapaces medran nunha sociedade global. É necesario conciencialos da importancia do uso crítico e racional dos medios de comunicación e as posibilidades creativas dos mesmo.

É unha liña de traballo fundamental, sen ela non ten sentido ningún intento de transformación.

Penso que é fundamental para a educación do noso alumnado polas súas posibilidades e polo atractivo que ten para os mozos e mozas destas idades.

A idea é que unha das propostas importantes do proxecto sexa que o alumnado cree un produto comunicativo solidario sobre unha temática vinculada co seu territorio, a priori hai algún aspecto ou tema que lle interese para ese traballo?

Os rapaces están moi interesados no tema do leite que lles afecta moi directamente, pode ser un enlace fácil para traballar os dereitos dos produtores e tentar analizar cales son as consecuencias das nosas compras. Temos observado que a igualdade de xénero segue a provocar desconfianza ou a ser cuestionado, observamos comentarios racistas, de xeito aparentemente illado e "sen importancia".

Interésanos o conflito e a educación

Pensamos que para 1º e 2º da ESO é importante o tema medioambiental (consumo responsable) ou Saúde e Benestar, xa que hai outros proxectos impulsados desde distintos departamentos didácticos que parten este tema. Para a segunda etapa, pensamos máis no tema da redución das desigualdades.

Igualdade, empatía, aceptación do diferente.

En principio a temática que pensamos foi desigualdade e equidade.

Ningún dos seis centros que participan na edición 2016/2017 participa nalgún tipo de proposta de denuncia ou reivindicativa nin local nin autonómica polo que será unha novidade tanto para o noso proxecto como para os centros educativos tentar compoñer unha canción protesta.

Todos os centros teñen algún tipo de comunicación interna: páxina web, revistas, blogs, e todos os centros teñen relación coa prensa local da vila sobre todo coa radio e cos xornais.

Que considera que precisaría por parte das ONGD do proxecto en termos de execución (inicio e transcurso da intervención). (Exemplo: apoio formativo, información dun contido específico que xa se estea a traballar na aula, etc)

Fundamentalmente a motivación do alumnado, ser capaces de transmitirlles a importancia dos nosos actos cotiás.

Posta en marcha das actividades e seguimento do que están a facer os/as nenos e nenas. Ter un canle funcional para resolver as dúbidas. Poñer en comunicación aos

rapaces e rapazas dos distintos centros que participan, para ter un sentido de comunidade centrada nun proxecto en un mundo que poden mellorar.

Apoio informativo e motivación do alumnado. Crear unha dinámica de continuidade para os seguintes cursos.

Cales son as súas expectativas en relación ao proxecto "O Mundo que Queremos"?, que lle gustaría conseguir?

Fomentar un espírito crítico no alumnado para que sexa quen de ver alén da problemática do seu concello e entendan que eles son unha xeración que potencialmente poden influír no futuro de miles de persoas de todo o mundo.

As expectativas mínimas: que participen todos/as a unha nun proxecto común cunha finalidade solidaria. Que perciban unha actividade de denuncia como empoderamento e como acción social. As máximas: aparte do anterior, que o produto final da actividade sexa creativo e interesante, que se poda expoñer nalgún lugar do concello onde outra xente poida velo, que os rapaces aprendan sobre si mesmos e as súas capacidades

Motivación do alumnado, que se cuestionen os seus actos cotiás de cando en cando. Que gañen autonomía e autoestima ao elaborar os produtos, poden crear un espazo de empoderamento persoal para alumnas e alumnos con peores resultados académicos.

As conclusións que podemos sacar desta batería de preguntas e respostas é que todo parece indicar que as condicións técnicas son ideais para conseguir un directo moi potente, que poida chegar non só aos rapaces e rapazas que participarán no proxecto se non que poida ser partícipe todo o centro e incluso toda a vila e que pode ser o comezo a creación de festivais propios que empoderen a un alumnado crítico e reivindicativo.

Metrónomas

Unha vez temos identificado ao elenco de artistas, ás mánagers que nos axudarán a ter todo organizado e ás características técnicas que precisamos para poder facer un bo concerto, só nos queda ensaiar. Esta é a parte que nos toca ao equipo de O Mundo que Queremos, saber levar o tempo e o ritmo de todo este proceso é fundamental para ter un éxito do verán aló polo mes de xuño. Sempre parece que o compás é algo que apenas ten importancia, pero é esa pequena ferramenta que engraxa todo no mundo musical, polo que a responsabilidade do equipo é moi forte para que as nosas e os nosos pequenos artistas poidan facer un bo espectáculo.

Estamos ante unha proposta pluralista conformada por sete entidades heteroxéneas e diversas, tanto na súa traxectoria e xeito de entender a Educación para o Desenvolvemento, como na súa forma institucional (fundacións, asociacións e cooperativas de traballo asociado). Porén, hai uns básicos comúns que fan que o equipo traballe sempre na mesma dirección:

- en común: o "sen ánimo de lucro"; o traballo cara unha educación transformadora, emancipadora e significativa; a crenza da potencialidade transformadora da Educación para o Desenvolvemento.

- Ao longo dos tres anos anteriores vimos que a composición do equipo foise incrementando e afianzando, tanto é así que na nova convocatoria o único que varía son os formalismos. As persoas son as mesmas e as súas tarefas e roles estanse a consolidar. Velaquí un repaso institucional:

2013-2014

O Mundo que Queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidariedade Internacional (líder) 2. Intervida 3. Mundo Cooperante

· Informalmente, acaban participando moi activamente no proxecto:

1. AGARESO 2. 100tolas (teatro da oprimida) 3. Tempo de Loaira

· O proxecto presentouse á convocatoria de Educación para o Desenvolvemento competindo co resto de Intervencións presentadas polas ONGD galegas (os prazos non

permitiron establecer outras alternativas de financiamento, algo que foi un claro punto débil na forma do proxecto).

2014-2015

O Mundo que Queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidariedade Internacional (líder) 2. Mundo Cooperante 3. AGARESO

· Informalmente, participan dende o principio

1. Educo (antiga Intervida, que non participa formalmente polo tránsito burocrático) 2. Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) 3. 100tolas (teatro da oprimida) 4. Tempo de Loaira

· O proxecto preséntase baixo a forma de convenio coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, una fórmula máis interesante para a xestión da intervención e máis acorde coa realidade desta proposta.

2015-2016

O Mundo que Queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidariedade Internacional (líder) 2. AGARESO 3. Educo (antiga Intervida)

· Informalmente, participan dende o principio

1. Mundo Cooperante 2. Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) 3. 100tolas (teatro da oprimida) 4. Tempo de Loaira

· O proxecto preséntase de novo baixo a forma de convenio coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. A novidade deste ano é que, dentro do marco deste convenio se incorpora un intercambio directo cun organismo máis ou menos homólogo en La Habana.

Agora (2016-2017)

O Mundo que Queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidariedade Internacional (líder) 2. AGARESO 3. Educo (antiga Intervida)

· Informalmente, participan dende o principio

1. Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) 2. 100tolas (teatro da oprimida) 3. Tempo de Loaira

· O proxecto preséntase de novo baixo a forma de convenio coa SXCE. A novidade deste ano é o obxectivo de conseguir actos de incidencia política a nivel local por parte do alumnado participante.

Palcos, Auditorios e Verbenas

Parece que xa temos case todo preparado e listo para comezar a tocar, pero nesta edición do Mundo que queremos temos como principal novidade a intención de que a nosa música chegue a alma do noso público e faga bailar a xente dende o corazón. Por iso é bo coñecer algo máis dos lugares onde imos actuar para ver por onde pode ir dirixindo o repertorio escollido para tal magno evento.

A incidencia política é unha das dimensións das que se compón a Educación para o Desenvolvemento, e sen dúbida é unha das máis complexas á hora de obter resultados visibles e medibles, xa que o que busca é trocar, mudar ou crear políticas que aposten por un mundo máis xusto. Como dicía Eduardo Galeano *"Son cousas chiquitas, non acaban coa pobreza, non nos sacan do subdesenvolvemento, non socializan os medios de produción e de cambio, non expropian as covas de Alí Babá. Pero quizais desencadeen a alegría de facer, e a traduzan en actos. E ao fin ao cabo, actuar sobre a realidade e cambiala, aínda que sexa un pouquiño, é a única maneira de probar que a realidade é transformable".* Nun proxecto no que traballamos con tantas nenas e nenos poder amosar que o noso traballo pode trocar cousas, que desde a nosa pequena posición podemos ser quen de mudar condutas, mudar opinións, ou incluso influír na toma de decisións políticas do noso concello supón a creación de cidadáns e cidadás que nun futuro saberán que as cousas pódense mudar a pesar de ser pequenas formiguiñas nun gran sistema.

A Pastoriza (IES Fonmiñá)

A Pastoriza é un concello pequeno do rural de Lugo. Ten 3.312 habitantes. O seu alcalde é Primitivo Iglesias Sierra do Partido Socialista Obrero Español que goberna en coalición co Bloque Nacionalista Galego. Non atopamos actividades vinculadas á Cooperación Internacional nos últimos anos na Pastoriza, e este concello non participa no Fondo Galego de Cooperación.

Investigando atopamos un dato que pode servir de nexo para o noso proxecto de incidencia, o alcalde é escritor, tradutor e tamén foi mestre polo que entendemos que pode ter unha maior sensibilidade por proxectos de índole educativa que se trasladen dende o centro educativo da vila.

A relación do Centro Educativo coa área de Benestar Social é fluída, a educadora social do Concello ten unha reunión semanal coa xefa do departamento de Orientación, e téntase facer un labor conxunto co alumnado con dificultades.

Carballo (IES Isidro Parga Pondal)

Carballo é un municipio pertencente a provincia de A Coruña cun tamaño xa notable, 31.256 veciñas e veciños de Carballo. O seu alcalde é Evencio Ferrero Rodríguez do Bloque Nacionalista Galego que ten maioría absoluta.

Atopamos diversas actividades en Carballo relacionadas coa cooperación internacional case todas impulsadas pola Cruz Vermella de Carballo. Entre as actividades podemos ver que hai dende obradoiros formativos sobre cooperación internacional a cafés e charlas con cooperantes que contan as súas experiencias nos países do Sur onde estiveron traballando. Ademais Carballo si que participa no Fondo Galego aportando a cantidade de 2.035,96 euros ao ano.

Nesta caso non existe relación coa área social do concello pero é un punto que se quere mellorar desde o propio centro.

Cambre (IES David Buján)

Cambre é un municipio pertencente á provincia de A Coruña cunha poboación de 24.141 habitantes. O seu alcalde é Óscar Alfonso García Patiño do partido local Unión x Cambre.

En Cambre existe unha ONGD local chamada Cambre Pobo Solidario que sobre todo fai acción de recollida de: roupa, alimentos, xoguetes para acción tanto a nivel local como para outras de ámbito internacional.

Ademais, no ano 2013 estiveron en Cambre as visitas da socia local caboverdiana do Fondo Galego de Cooperación. Outra das institucións que participou en temáticas de Cooperación ao Desenvolvemento nestes últimos anos foi a Casa da Xuventude organizando charlas de cooperantes.

Existe unha boa relación do centro co concello, sobre todo coa Casa da Xuventude, e hai moitos rapaces e rapazas que participan en diferentes voluntariados do propio concello de Cambre.

Laxe (CPI Cabo da Area)

Ao igual que A Pastoriza, Laxe é unha pequena vila, neste caso mariñeira, da provincia de A Coruña con 3.148 habitantes. O seu alcalde é Manuel Mouzo Castiñeira do Partido Socialista Obrero Español.

Non temos referencia de actividades vinculadas a cooperación internacional, pero o concello si participa no Fondo Galego aportando 377,31 euros ao ano.

A relación de centro e concello é correcta sempre baixo demanda do propio centro e o concello tende a colaborar sempre que as peticións non sexan económicas.

Silleda (IES Pintor Colmeneiro)

No interior de provincia de Pontevedra, Silleda conta con 8.734 habitantes. O alcalde desta vila é o socialista Manuel Cuiña.

En Silleda atopamos varias actividades e accións vinculadas á cooperación internacional. Dende o propio concello existe o Programa Silleda Solidaria que é "*rede de axuda para as familias sen recursos baseado nos principios da cooperación, intercambio e solidariedade*" e ten unha vinculación internacional a través dos colectores de roupa de Humana. De feito esta Fundación outorgoulle un premio ao Concello de Silleda nos últimos meses.

O 21 de Agosto de 2016 Silleda entra a formar parte do Fondo Galego de Cooperación cunha achega de 738,22 euros ao ano.

Existe boa relación entre o centro e os servizos sociais do concello.

Vigo/Valadares (IES Valadares)

Aquí estamos ante unha praza peculiar, Vigo é o concello ao que pertence o IES Valadares cunha poboación de 292.817 persoas sendo a cidade máis grande de Galicia, pero analizar o contexto dentro da cidade tamén sería algo irreal. Valadares é unha parroquia de Vigo con 13km cadrados de territorio sendo a parroquia viguesa con máis extensión. A súa poboación é de 5.414 habitantes.

En Vigo goberna con maioría absoluta o PSOE co seu Alcalde Abel Caballero. A Rede Social Galicia Sur é o colectivo que aglutina a ONGD tanto de índole internacional coma social, aínda que existen máis organizacións fóra desta rede. A Rede Social Galicia Sur[4] é moi crítica cos orzamentos e actitude do goberno local no destinado á cooperación galega, de xeito nos últimos anos Vigo non participa no Fondo Galego.

A sinfonía perfecta

Se ben é certo que as nosas choivas de ideas foron empapando todo o documento, gustaríanos rematar este diagnóstico cunha serie de partituras finais que poñen en relación o extraído deste proceso específico de indagación coas aprendizaxes xeradas en diferentes momentos da vida de O Mundo que Queremos. Pensamos que estas claves poden afinar ao máximo a nosa actuación para sacarlle o mellor son no momento oportuno.

- Botándolle unha ollada aos nosos mánagers podemos ver que cada un ten un estilo musical diferente. Temos docentes con materias máis clasicamente vinculadas á Educación para o Desenvolvemento como poden ser: Valores Éticos, Filosofía, etc. pero tamén atopamos neste proxecto a docentes motivados doutras materias que parecen máis alleas á EpD como poden ser matemáticas, tecnoloxía ou física. Aproveitar esa colaboración con docentes que están motivados pero que as súas materias son menos habituais é

[4] http://redesocialgaliciasur.org/

importante para darlle unha dimensión global e de centro ao noso proxecto. Queremos que todas e todos poidan bailar e desfrutar coa nosa música, polo que temos que saber darlle os instrumentos motivadores a cada un dos docentes para poder espertar a súa paixón pola Educación para o Desenvolvemento.

- En relación co equipo de traballo, se ben todo o arranque desta edición foi máis motivador que nunca, pensamos que é boa idea ter en conta que, de toda experiencia nova xorden ideas tolas e propostas de facer - facer. É sabido que estamos ante un proxecto que sempre tivo moita carga de traballo, non só para as profesoras e profesores senón para o propio equipo. Calquera tarefa que queiramos asumir a maiores é probable que vaia a requirir dun tempo e esforzo das persoas non retribuídos polo proxecto, polo que pode ser interesante en reunións previas aos momentos de pico de traballo facer listados de tarefas con responsables e obxectivos, e valorar as cargas de traballo dos diferentes perfís e situacións das persoas que están a traballar.

- Vistas as canles a través das cales o profesorado se interesou nesta proposta, debemos ter en conta que as xornadas formativas que ofrece o propio Plan Proxecta a través da Consellería de Educación son un espazo de difusión importante. Parece importante estar e, ademais, ter recursos para amosar minimamente a esencia desta proposta.

- Vistas as ideas que se foron xerando ao inicio do proxecto, e as vías polas que está indo a execución; parécenos importante reforzar a idea da importancia de ter certa capacidade de anticipación e reacción con todas as cuestións relacionadas coa imaxe dos mozos e mozas (ben en fotografía, ben en vídeo) e coa súa información persoal. Trátase dun tema sensible hoxe en día e é relativamente sinxelo que se xeren inquedanzas ao respecto. Sería importante abrir un espazo para compartir os mecanismos de protección de datos que seguramente todas as entidades estean a poñer en marcha nos seus proxectos individuais para crear un protocolo específico neste proxecto (e que vala, non só para os mozos e mozas de aquí, senón tamén para os rapaces e rapazas doutros países).

- A incidencia política é unha das dimensións da Educación para o Desenvolvemento. Coas acción de incidencia política o que busca é e conseguir propostas alternativas orientadas ao desenvolvemento humano e sostible e poden ir desde o local ao global. Sabemos que conseguir estes cambios de actitudes que se vexan reflectidos en normativas ou cambios lexislativos é unha das tarefas máis complexas das ONGD, pero tamén sabemos que ese fin último

de modificar as leis ten que estar sempre detrás da incidencia política. Preparar aos nosos músicos e músicas para posibles fracasos e enfocar esas posibilidades en crear novas músicas de cambio pensamos que pode ser moi importante. Crear unha cidadanía activa e activista, comprometida co noso planeta parece que pode ser o camiño cara a sustentabilidade dun posible cambio de cara á xustiza social.